

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS
OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DA NECESIDADE DE
PROCEDER Á CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PEZAS DE
UNIFORMIDADE PARA A POLICIA LOCAL, ASÍ COMO DETERMINADOS GASTOS
CORRENTES NECESARIOS PARA O CORRECTO MANTEMENTO E FUNCIONAMENTO
DESTE SERVIZO ESENCIAL

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de
transferencia de crédito núm. 21-2024, por un importe total de 109.811,79 €, dentro do
vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico
que se desprenden da necesidade de proceder á contratación da subministración de pezas
de uniformidade para a Policía Local, así como determinados gastos correntes necesarios
para o correcto mantemento e funcionamento deste servizo esencial, e vista a inexistencia
de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun
expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o
efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 936/2024, do 20.06.2024 así como o
RCMOD núms.: RC Ref.: 40488/2024 por importe de 10.309,23 € e RC Ref.: 40489/2024
por importe de 99.502,56 € do 19.06.2024.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de
marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40
a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de
execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a
esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril,
reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade
de transferencia de crédito por un importe global de 109.811,79 € para dar cobertura ás
obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
13200.12000 13200.12101	10.309,23 € 99.502,56 €	13200.22104 13200.22699	85.000,00 € 24.811,79 €

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac4679533192910440149.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 21-2024 vestuario P.L. e gastos varios

TOTAL CRÉDITO CEDIDO	109.811,79 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	109.811,79 €
-------------------------	--------------	-----------------------------------	--------------

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.